

Aprendizaxe autónoma xogando na web *www.matemático.es*

Rañal Loureiro, Francisco – IES Xulián Magariños (Negreira)

O obxectivo deste obradoiro é simplemente mostrar aos profesores asistentes as posibilidades didácticas na ensinanza das matemáticas que ofrece a web *matemático.es* e familiarizalos co seu funcionamento.

Con este mesmo obxectivo, o profesor *Alberto Javier Caro Rosillo*, autor desta web, ven de subir a *youtube* seis vídeos tutoriais que constitúen unha guía completa para que calquera usuario poda aprender a rexistrarse como profesor na web e utilizar todas as ferramentas de xestión das que dispón a mesma. Recoméndase encarecidamente ao lector o visionado de ditos vídeos, pois é o mellor xeito de instruírse no manexo dela. No presente texto únicamente se indican os pasos que se seguirán na presentación da web aos participantes no obradoiro, sen incluír as explicacións pertinentes, pois implicaría a inclusión de numerosas imaxes da pantalla da web a medida que se interactúa con ela, todo o cal pode aprenderse de xeito máis sinxelo e didáctico nos devanditos vídeos tutoriais, que se atopan en <http://matematico.es/competicion/reglas/>

En primeiro lugar comezaremos accedendo á web e en *modo de proba*, sen rexistrarse como usuario, para que os asistentes se fagan axiña unha idea da presentación visual, o tipo de exercicios que contén e a interacción que propón ao alumno.

A continuación, cada participante no obradoiro darase de alta na web como profesor do seu respectivo centro e aprenderá a crear grupos e rexistrar alumnos en cada grupo mediante a creación dun grupo imaxinario no que incluírá un par de alumnos ficticios. Este grupo con alumnos ficticios utilizarase para practicar o manexo das distintas funcionalidades da web e eliminarase unha vez finalizada a aprendizaxe.

De seguido os participantes entrarán na web co nome e a clave dos alumnos ficticios que acabaron de crear e resolverán algúns exercicios nesas contas de usuario para obter a correspondente puntuación. Deste xeito os asistentes poderán a continuación aprender a revisar as puntuacións dos seus alumnos e obter toda a información que permite a web, como a puntuación obtida e número de intentos de cada alumno en cada exercicio, comparación ca media do grupo e co record de todos os usuarios e, o que resulta moi útil, as datas de acceso á web de cada alumno e puntuación obtida por el cada día. Estas puntuacións tamén servirán para que os profesores participantes comprendan o funcionamento dos marcadores de *regularidade*, *marcas*, *records batidos*, *probos especiais*, *total absoluto* e *total global* e aprendan así a valorar os resultados dos seus alumnos nas diferentes probas.

Por último explicarase onde atopar un listado de todos os exercicios e problemas contidos na web e cómo crear as chamadas “*probos presoadizadas*” para os alumnos,

onde o profesor pode combinar ao seu criterio preguntas de diversos temas e incluso de diferentes cursos. Estas probas persoalizadas poden así utilizarse como test avaliable para os alumnos, coa grande vantaxe de que, ao ser exercicios *dinámicos*, os números de cada pregunta serán distintos para cada alumno e cambiarán tamén cada vez que o alumno repita a proba, pois son xerados aleatoriamente en cada acceso á web.

O conductor deste obradoiro está convencido, pola súa propia experiencia no uso desta web, que os profesores asistentes axiña comprenderán a enorme utilidade da mesma como actividade complementaria ou de reforzo da práctica dos exercicios de cálculo do currículo da ESO e da FP Básica. A este respecto gustárame finalizar coas palabras do autor da web, o profesor **Caro Rosillo**, que, na miña opinión resumen á perfección a pertinencia e aplicabilidade da mesma:

Hace ya varios años que el profesor ha dejado de ser un mero lector de libros en voz alta para convertirse en un enlace flexible y multicanal entre los alumnos y el saber con el fin de desarrollar en los mismos capacidades básicas que les ayuden a descubrir y potenciar sus habilidades dentro de una enseñanza integral. Sin embargo, en la mayoría de los casos que conozco, los profesores de matemáticas empleamos gran parte de nuestro tiempo en cálculos rutinarios y mecánicos, que, aunque son necesarios, ni es el principal objeto de la materia, ni permite al docente aportar un gran valor añadido, puesto que son cálculos mecánicos basados en la repetición. Además, a veces los alumnos realizan dichas repeticiones con errores y puesto que la corrección no suele ser inmediata, el alumno aprende mal el proceso. Sería pues magnífico, contar con una herramienta que realizase dicha labor de práctica y revisión de ejercicios mecánicos por nosotros (los profesores de matemáticas) de una forma dinámica y amena para poder así dedicar más tiempo a asuntos más complejos y ricos de las matemáticas que difícilmente puede realizar una máquina y en los que sí podemos mostrar nuestro potencial como profesor.

Alberto Javier Caro Rosillo

Francisco Rañal Loureiro

